



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 17 DE SETEMBRO DO 2020.**

ASISTENTES:

Presidente: D^a. María José Sampedro Fernández (Alcaldesa en funcións) Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de setembro do dous mil vinte, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foron aprobadas as actas das sesións ordinarias das datas 30/07/2020, 06/08/2020, 13/08/2020, 20/08/2020, 27/08/2020 e 03/09/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 14/09/2020 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xarás (Ribeira)””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 14/09/2020 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Melloras nas instalacións deportivas de A Fieiteira””**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Sandra M^a Rama Pérez**, de data 14/07/2020, no que solicita autorización para ocupación de vía pública coa instalación de tres mesas e un toldo para exposición de froita, no establecemento “Frutería Disfruta” situado na Rúa de Galicia, nº 62 (Ribeira).

Visto o **informe** favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 09/09/2020.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Sandra M^a Rama Pérez** para a instalación de tres mesas e un toldo para exposición de froita, no establecemento “Frutería Disfruta” situado na Rúa de Galicia, nº 62 (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **María Teresa Romano Martínez**, de data 14/09/2020 (Rexistro de entrada nº 11.477), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa da Igrexa, nº 7, Castiñeiras.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 16/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **María Teresa Romano Martínez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Igrexa, nº 7, Castiñeiras, con reforzo de pintado de liña amarela (5,00 m.) sobre a calzada e fronte á entrada do inmovible, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **Teresa Sampedro Caneda**, de data 11/09/2020, no que solicita ampliación de vao permanente nº 9/19, situado na Rúa Mestre Sans Ortega, nº 21 (Aguíño).





Visto o **informe** favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 14/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a ampliación do vao permanente nº 9/19 en 1,00 m. (Total: 4,00 m.) coa ampliación da liña amarela en ambas marxes da entrada ao garaxe (0,50 m. á marxe dereita + 0,50 m. á marxe esquerda), co fin de facilitar as manobras de entrada/saída de vehículos no garaxe, según o sinalado no citado informe policial.

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da notificación remitida pola **Dirección Xeral Xeral de Patrimonio Cultural** – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data 19/09/2020 (Rexistrado de entrada en data 11/09/2020 co nº 11.353), no que comunica resolución desestimatoria de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 31/12/2019, das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia (Procedemento MT819A), para a actuación “Execución de senda en Teira - Corrubedo” (Expte.- MT819A/15/2020/200206/C).

2.- Visto o escrito presentado pola **Asociación de Empresarios de Ribeira**, de data 02/09/2020 (Rexistro de entrada nº 10.782), no que solicita se acondicione unha praza de Zona Express na Rúa Miguel Rodríguez Bautista (Ribeira), á altura dos nº 16-18.

Visto o **informe** favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a habilitación dunha ZONA EXPRESS de 10,9 metros, sinalizada a tal efecto (sinalización verficale horizontal), na Avenida Miguel Rodríguez Bautista (Ribeira) entre os números 16 e 18, según o sinalado no informe policial.

Na sinalización vertical de tráfico figurará a inscrición "<<ZONA EXPRESS>> máximo 15 minutos", además quedará delimitado o espazo por sinalización horizontal, marca vial de cor azul.

O horario de limitación comprenderá de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, excepto os domingos e festivos e a tarde dos sábados, que serán de libre estacionamento.

Os contenedores que se atopan a continuación desta zona express deberán manter a actual ubicación, co fin de eliminar obstáculos que impidan a visibilidade a



FIRMANTE - FECHA





peóns e vehículos, diminuíndo as incidencias e mellorando a seguridade vial, según o sinalado no citado informe policial.

3.- Visto o escrito presentado por Noelia María Rebollido Fernández en representación do **CEIP de Palmeira**, de data 10/09/2020 (Rexistro de entrada nº 11.327), no que solicita a reordenación do tráfico, en horario escolar, no entorno do CEIP de Palmeira.

Visto o **informe** favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a reestruturación do tráfico de vehículos no tramo da Rúa Miñoteiro que concorre paralela ao muro perimetral do colexio para que sexa dun so sentido de circulación, quedando do seguinte xeito, según o citado informe policial:

- Sinal R400a de sentido obrigatorio á dereita para os vehículos que acceden desde a Rúa Miñoteiro hacia o colexio.
- Sinal R101 de entrada prohibida para os vehículos que accedan á zona da Rúa Miñoteiro desde o cruce coa Rúa Barreiro.
- Sinal R308 de estacionamento prohibido nun tramo duns 20 ou 30 metros desde a entrada ao colexio hacia a dereita para facilitar a colocación dos alumnos en filas para acceder escalonadamente.
- Sinal R308 de estacionamento prohibido para reforzar a zona reservada a autobuses diante da entrada principal ao colexio na Rúa Moldes mentres duren as obras de acondicionamento no interior do colexio.

Todas elas deberán incluír un panel informativo que indique "DÍAS LECTIVOS DE 8:30 A 9:30 HORAS E DE 13:30 A 14:30 HORAS"

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Ramón Doval Sampedro**, de data 03/09/2020, na que solicita a aprobación dun "**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación de Empresarios de Ribeira**" co motivo da celebración da Campaña do Nadal 2019-2020.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do "**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e a**





Asociación de Empresarios de Ribeira” co motivo da celebración da Campaña do Nadal 2019-2020, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á Asociación de Empresarios de Ribeira a cantidade de 5.000,00 € en concepto de subvención.

APROBACIÓN BASES REGULADORAS PARA A RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO, ORGANIZADAS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA A TEMPADA 2020-2021.

Visto o expediente relativo ás “Bases reguladoras para a renovación e novas matrículas das escolas deportivas de inverno, organizadas pola Concellería de Deportes do Concello de Ribeira para a tempada 2020-2021”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda aprobar** as “Bases reguladoras para a renovación e novas matrículas das escolas deportivas de inverno, organizadas pola Concellería de Deportes do Concello de Ribeira para a tempada 2020-2021”.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 15/09/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión





celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 13,50 € (Cargo a partida 323 472.00).

2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 15/09/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 49,50 € (Cargo a partida 323 472.00).

3.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 15/09/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 120,00 € (Cargo a partida 323 472.00).

4.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 15/09/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 23,00 € (Cargo a partida 323 472.00).

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A Alcaldesa en funcións
María José Sampedro Fernández

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

